

Webinar

Deducións e Bonificacións Fiscais á I+D+i

Data: 29 de abril de 2021

Lugar: Online

Hora: 12:30 h

As deducións fiscais por I+D+i teñen como obxectivo premiar o esforzo que realizan as empresas no desenvolvemento de actividades innovadoras, permitindo minorar a cota íntegra do imposto sobre sociedades o cal redonda nunha maior competitividade e incentiva a aposta pola innovación.

O potencial de dedución fiscal deste incentivo pode ascender ata un 59% do gasto incorrido en proxectos de I+D, e dun 12% en proxectos cualificados como IT. Deste xeito, as empresas maximizan os seus beneficios obtidos pola realización de actividades de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

Tras a entrada en vigor da Lei 14/2013 de Apoio aos Emprendedores e a súa Internacionalización, o atractivo das deducións fiscais por I+D+i viuse incrementado, permitindo ás empresas monetizar as súas deducións, ou aplicarlas sen límite de cota.

Paralelamente, esta medida sobre o imposto de sociedades, ten un efecto sinérxico con outros incentivos como as bonificacións nas cotas da seguridade social á contratación de persoal investigador.

Ao longo desta xornada coñeceremos de maneira clara e aplicada os diferentes instrumentos e opcións dispoñibles, así como experiencias reais de pemes galegas que aplican a este tipo de incentivos.

PROGRAMA

12:30h. Benvida

Patricia Argerey, Directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN)

12:35h. Contexto e contidos. Incentivos fiscais á I+D+i

Patricia Fernández, Directora da Área de Servizos de GAIN

12:40h. Deducións fiscais á I+D+i

Descrición e funcionamento dos incentivos fiscais ás actividades de innovación, enfoque claro e aplicado:

- Grado de dedución, gastos que se poden deducir e as súas compatibilidades.



María Tallón, Directora de la Oficina de Galicia. Euro-Funding

- Procedemento de obtención da dedución.
Pablo Santillán, Responsable de Negocio de Galicia. Fi Group

13:00h. Bonificacións do persoal investigador

Descrición e funcionamento das bonificacións do persoal investigador.

Daniel Gallego, Director de Certificación de I+D+i. Agencia de Certificación en Innovación Española (ACIE)

13:10h. Experiencias prácticas de aplicación

Moderan: *Euro-Funding e Fi Group*

- **Extraco Construccions e Proxectos S.A.**
Francisco Javier Prego, Responsable del Dpto. I+D+i
- **AGATA TECHNOLOGY, S.L.**
Javier Augusto, Director Ágata Labs

13:30h. Rolda de preguntas e peche da xornada

COLABORAN:

